



CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Mediante o presente faise saber que por acordo do Pleno da Corporación Municipal adoptado na sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2022 acordouse incoar expediente de investigación da titularidade da parcela 311 polígono 130 do catastro no lugar de Cubelas, con referencia catastral 27011A130003110000TI cuxo titular catastral é o Concello de Castroverde, como titular dos montes comunais se ben veu sendo posuída e exercidos os dereitos dominicais polos ancestros de don XXX dende tempos inmemoriais, de maneira pública e notoria, segundo figura en escrito presentado polo interesado e que obran no expediente. A referida parcela non figura no Inventario de Bens do Concello de Castroverde.

A efectos de determinar a titularidade correcta dos mesmos, de acordo co disposto no artigo 49 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, se procede á publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Dende o día da data de dita publicación, se expoñerá, así mesmo, un exemplar do Anuncio do Boletín no Taboleiro de anuncios do Concello de Castroverde, durante vinte días.

Así mesmo durante dito prazo poderá ser examinado o expediente por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes, estando a disposición dos interesados na Secretaría Municipal.

O que se publica para xeral coñecemento, en Castroverde na data que figura ao marxe.

Castroverde, 11 de abril de 2022.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0894

CERVANTES

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 11 de abril de 2022, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (1º trimestre de 2022).
- Taxa polo servizo de subministro domiciliar de auga potable e canon da auga (1º trimestre de 2022).

Recursos: Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde do concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 11 de abril de 2022.- O alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 0895

GUITIRIZ*Anuncio***Aprobación inicial do Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Guitiriz. Expte. 266/2022**

Por resolución da alcaldía nº 2022-0312 de data 8/04/2022 aprobouse inicialmente o Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Guitiriz e en cumprimento do disposto no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro expónse ao público durante un prazo de vinte días naturais, mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o plan se considerará definitivamente aprobado sen necesidade dun novo acordo.

Guitiriz, 11 de abril de 2022.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0896

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía os Padróns fiscais dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de marzo de 2022 e do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de marzo de 2022 que comprenden os seguintes recibos:

- 1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público do punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de marzo de 2022, integrado por 25 recibos por importe total de 720,00 €.
- 2.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de marzo de 2022, integrado por 14 recibos por importe total de 3.613,42 €.

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de marzo de 2022 e do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de marzo de 2022, terá lugar dende o día 6/04/2022 ao 6/06/2022 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 6 de abril de 2022.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0897

LOURENZÁ*Anuncio***EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. MARZO 2022**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 6 de abril de 2022, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Marzo de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil oitocentos dezaseis euros con trinta e un céntimos de euro (3.816,31€) , dos que tres mil setenta e un euros con trinta e un céntimos de euro (3.071,31€) correspondente a dependencia , e setecentos corenta e cinco euros (745,00€) son de libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 6 de abril de 2022.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 0898

OUIROL*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do concello de Ouiról, en sesión extraordinaria celebrada o día once de abril de dous mil vinte e dous, aprobou as “Bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea a favor do alumnado traballador do Obradoiro dual de emprego, “Terras do Sor V”, promovido polo concello de Ouiról, conxuntamente cos concellos de O Vicedo e Muras, para a especialidade de: “Traballos de carpintaría e moble”, que literalmente din o que segue:

“BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA A FAVOR DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO, “TERRAS DO SOR V”, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE OUIROL, CONXUNTAMENTE COS CONCELLOS DE O VICEDO E MURAS, PARA A ESPECIALIDADE DE: “TRABALLOS DE CARPINTARÍA E MOBLE”.

Artigo 1. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea

- Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes nos talleres duais de emprego, financiados a través da convocatoria 2021 de axudas e subvencións a talleres duais de emprego, pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

O Concello de Ouiról, xunto cos Concellos de O Vicedo e Muras, está a desenrolar un obradoiro dual de emprego “TERRAS DO SOR V”, sendo o Concello de Ouiról o promotor e representante.

O obradoiro dual de emprego “TERRAS DO SOR V” iniciou a súa actividade o día 15/10/2021 e rematará o vindeiro 14/07/2022.

A Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, concedeu unha subvención por importe de 9.000,00 euros para incentivos á contratación, para a especialidade de “Traballos de carpintaría e moble”.

Anualidade	Nº de contratos	Importe subvención
2022	6	6 x 1.500,00 € = 9.000,00 €

- A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses.
- A xornada da contratación temporal será a tempo completo.

Artigo 2. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación.

- Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, para a ocupación do ámbito da especialidade de “Traballos de carpintaría e moble” impartida no obradoiro de emprego, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial do taller dual de emprego. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.
- Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.
- Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:
- Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que en este adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
- Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- Non estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.
- Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
- Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
- Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
- En ningún caso poderán obter a condición de entidades beneficiarias as asociacións incurso nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei

orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

- Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria no caso de non estar ao corrente coas facendas locais dos concello do ámbito do obradoiro.
- Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.
- A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3, 4 e 5 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable (Anexo I)

Artigo 3. Contía dos incentivos.

- Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.
- Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Artigo 4. Exclusiones. Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

- As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estado dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
- Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grado inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin esta ao seu cargo.
- As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (EU) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 5. Prazos e solicitudes

- As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación das bases e convocatoria no BOP de Lugo. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.
- As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:
- Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes da publicación da presente convocatoria, segundo o modelo do anexo I.
- Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda, segundo o modelo do anexo I.
- Certificado de situación censal expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria que indique as actividades económicas nas que está de alta, actualizado.

- Certificado da conta bancaria expedida pola entidade bancaria onde de ser o caso se lle transferirá o importe da subvención concedida.

Só se poderá presentar unha solicitude por entidade.

Artigo 6. Xustificación e pago.

- a) De non achegarse con anterioridade, o pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade de este. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias. A documentación para presentar é a seguinte:
- b) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo de anexo II.
- c) Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención.
- d) Copia dos partes de alta na seguridade social xunto co informe de datos da cotización.
- e) Acreditar mediante certificacións expedidas ó efecto polos organismos correspondentes, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, nin coas facendas locais dos concellos do ámbito do obradoiro.
- f) Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias, coas facendas locais dos concellos do ámbito do obradoiro, fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

Artigo 7. Obrigacións das entidades beneficiarias

- Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no taller dual de emprego.
- Manter no seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora dos talleres duais de emprego no prazo de sete días desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no taller, que non fosen contratadas previamente.
- Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo extíngase por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciron por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.
- As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.
- Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigación, corresponderá á entidade promotora do taller dual de emprego levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Artigo 8. Competencia.

A competencia para resolver as solicitudes de axudas corresponderá á Xunta de Goberno Local do Concello de Ourense, que concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de entidades solicitantes ás que se conceden a subvención e a desestimación das restantes solicitudes de ser o caso.

Artigo 9. Procedemento de concesión, instrución e tramitación

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregados dos

requisitos establecidos, por orde de entrada no rexistro e expediente completo do Concello de Ourol e ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Entre as resolucións favorables, terán preferencia aquelas entidades que asinaron o compromiso de solicitude de incentivos á contratación temporal de participantes no obradoiro dual de emprego “Terras do Sor V” no expediente do Concello de Ourol nº 27/15/2021 do Procedemento TR353A de solicitude de axudas da orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos no artigo 2 desta convocatoria.

Para o procedemento de selección dos traballadores/as participantes no Obradoiro Dual de Emprego, terase en conta a orde de rexistro das solicitudes das empresas que cumpran os requisitos, ás que se lles serán remitidos os currículos dos alumnos/as aptos/as con pleno dereito ao certificado de profesionalidade correspondente e concertar unha entrevista persoal cos candidatos que sexan do seu interese, e segundo vaian sendo seleccionados/as, no caso de demandar un mesmo traballador máis dunha empresa, será a orde de rexistro de solicitude das empresas a que indique a orde de resolución. A renuncia do alumno/a ao posto ofertado pola empresa interesada en contratalo non leva consigo ningunha penalización e poderá seguir optando a outras ofertas doutras empresas.

Estes incentivos á contratación temporal por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de *minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (EU) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratamento de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.

Artigo 10. Resolución e recursos.

- As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.
- O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.
- Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.
- As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 11. Incompatibilidades e concorrencia.

- As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.
- Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan supera os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.

- Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- As obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.
- Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cesamento na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

Artigo 13. Devolución voluntaria da subvención.

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do taller dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.
2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificada da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente denominación da subvención concedida.”

“ANEXO I: SOLICITUDE**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL		NIF	
ENDEREZO			
CODIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	APELIDOS	NIF

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

MÉTODO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE	<input type="checkbox"/>	ELECTRÓNICA	<input type="checkbox"/>	POSTAL
ENDEREZO ELECTRÓNICO				

ENDEREZO POSTAL		
COD. POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA

DATOS BANCARIOS

TITULAR DA CONTA	
NÚMERO DE CONTA	IBAN

SUBVENCIÓN SOLICITADA

SOLICÍTASE UNHA AXUDA PARA A CONTRATACIÓN DE _____ PERSOA/S ALUMNA/S DO OBRADOIRO DE EMPREGO “TERRAS DO SOR V”, A XORNADA COMPLETA, POR UN PERÍODO MÍNIMO DE 3 MESES, DA ESPECIALIDADE DE TRABALLOS DE CARPINTARÍA E MOBLE.

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

- Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

A. Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención.

B. Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relaciona:

ORGANISMO	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data deste declaración.

- Que en relación coas axudas de minimis.
- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda de minimis
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas de minimis, que son as que a seguir se relaciona:

ORGANISMO	ANO	DISPOCIÓN REGULADORA	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas en réxime de minimis solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

- Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
- Que o persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria é de _____
- Que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, que coñece as estipulacións da presente convocatoria e que cumpre os requisitos sinalados na mesma.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Non estar excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.
- Que a entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; especificamente, estar ao día no

cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. E igualmente, coas facendas locais dos concellos comprendidos no ámbito territorial do taller dual de emprego.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

_____ DNI/NIE da persoa representante

_____ NIF da entidade solicitante

_____ Poder para actuar en nome da entidade

_____ Certificación bancaria do número de conta

LEXISLACIÓN APLICABLE

Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado do Obradoiro de Emprego "TERRAS DO SOR V"

Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021. (DOG núm. 22, do 3 de febreiro de 2021)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

ANEXO II: DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA OTRAS AXUDAS**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL		NIF	
ENDEREZO			
CODIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	APELIDOS	NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade para a que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relaciona:

ORGANISMO	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data deste declaración.

Que en relación coas axudas de minimis.

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda de minimis
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas de minimis, que son as que a seguir se relaciona:

ORGANISMO	ANO	DISPOCIÓN REGULADORA	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas en réxime de minimis solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data

Ourol 11 de abril de 2022.-O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 0899

A PASTORIZA

Anuncio

O Concello da Pastoriza, el 11 de abril de 2022, aprobou as bases específicas para a selección e posterior contratación de tres traballadores laborais temporais por circunstancias da produción, para a execución do Servizo de Limpeza, Desbroce e Mantemento da Rede Viaria Municipal do Concello da Pastoriza, para os seguintes postos:

- 2 Peóns, para Servizo de Limpeza, Desbroce e Mantemento da Rede Viaria Municipal do Concello da Pastoriza.
- 1 Peón condutor, para Servizo de Limpeza, Desbroce e Mantemento da Rede Viaria Municipal do Concello da Pastoriza.

Prazo de presentación de solicitudes: cinco (5) días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A Pastoriza, 12 de abril de 2022.- P.D (Resolución de Alcaldía de 02 de xullo de 2019) A Tenente de alcalde,Elva Carrera González.

R. 0900

SARRIA

Anuncio

Aprobado inicialmente o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2022 na sesión extraordinaria do Pleno celebrada o 18 de abril de 2022 e documentación que se acompaña no expediente indicado, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, de 05 de marzo, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, o expediente exponse ao público na Intervención Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalo e presenta-las reclamacións que estimen oportunas nos termos sinalados nos artigos 169 e 170 dese mesmo texto legal.

O Orzamento Xeral quedará definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

O Orzamento Xeral definitivamente aprobado publicarase no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor no exercicio correspondente.

Sarria, 19 de abril de 2022.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0921

O VICEDO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de abril de dous mil vinte e dous, prestouse aprobación ás liquidacións correspondentes ó padrón da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas correspondente ó ano 2022.

De conformidade co disposto no artigo 102.3 de Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria aplicable á facenda das entidades locais en relación co disposto no artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, quedan expostos ó público, durante o prazo de 15 días para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Contra as débedas consignadas no padrón e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- Reposición, perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo de un mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá desestimado transcorrido un mes dende a súa interposición sen resolverse expresamente.

- Contencioso – administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses dende a súa interposición, se non fose expresa.

- Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

O Vicedo, 12 de abril de 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0901

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO – SIL O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/29294

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Jesús López Álvarez

Nombre del río o corriente: arroyo de Bidueira

Caudal solicitado: 0,0069 l/s

Punto de emplazamiento: Os Mazos, parroquia de San Martín de Neira de Rei (San Pedro)

Término Municipal y Provincia: Baralla (Lugo)

Destino: Usos ganaderos

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza desde el arroyo de Bidueira, de donde parte tubería hasta un depósito de hormigón. Desde este las aguas se distribuyen al establo.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Baralla, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 4 de abril de 2022.- EL JEFE DEL SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0902

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA. ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA

Anuncio

Anuncio del Área de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia por el que se somete a información pública el estudio de impacto ambiental y la solicitud de autorización administrativa previa del Parque eólico Levante de 106,4 MW y su infraestructura de evacuación, en la provincia de Lugo.

- A los efectos de lo establecido en los artículos 53.1 a) y 55 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico, artículo 36 de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de Evaluación Ambiental y los artículos 124, 125 y 144 del Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica, modificado por el Real Decreto-ley 23/2020, de 23 de junio, por el que se aprueban medidas en materia de energía y en otros ámbitos para la reactivación económica, así como el artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, se

somete al trámite de información pública, de forma conjunta, el estudio de impacto ambiental y la solicitud de autorización administrativa previa de las instalaciones de generación de energía eléctrica cuyas características se indican a continuación:

- Peticionario: GREENALIA WIND POWER LEVANTE SLU, Plaza de María Pita, nº 10 - 1º, 15001 A Coruña
- Denominación: Parque eólico Levante de 106,4 MW y su infraestructura de evacuación.
- Código del proyecto: PEol-340
- Descripción de las instalaciones:
 1. Parque Eólico Levante de 106,4 MW de potencia eléctrica bruta, estará integrado por diecinueve (19) aerogeneradores tripala de velocidad variable y paso variable, con 150 m de diámetro y 5.600 kW de potencia nominal unitaria y 105 m de altura de buje.
 2. Red subterránea de media tensión de evacuación de 30 kV.
 3. Subestación colectora SET Levante 30/132 kV.
 4. Línea de alta tensión a 132 kV de SET Levante a SET Ventisca.

La evacuación del parque eólico se hará mediante una línea subterránea a 30 kV, que recogerá la energía generada en cada uno de los aerogeneradores de dicho parque y la conducirá hasta la SET "Levante" y de ahí mediante una línea aérea de alta tensión de 132 kV, se conducirá por un trazado inicial en aéreo con un circuito sencillo hasta la derivación a la SET del parque eólico "Pena do Pico", desde este punto parte hasta la SET de "Pena do Pico" en un tramo aéreo de doble circuito con entrada y salida a la subestación. Posteriormente desde este mismo punto parte nuevamente la línea aérea en simple circuito hasta la subestación "Monteiro". Desde esta subestación hay nuevamente una línea aérea en simple circuito hasta un cambio aéreo a subterráneo para el cruce de la línea con una zona del Camino de Santiago, el tramo subterráneo será en simple circuito bajo canalización hormigonada. Una vez finalizado el tramo subterráneo habrá un cambio subterráneo-aéreo para volver con una línea aérea en simple circuito hasta la subestación del "Ventisca".

- Ubicación: municipios de Triacastela, As Nogais, Becerreá, Baralla, Baleira y Pol, provincia de Lugo.
- Presupuesto: 111.324.279,58 euros.
- La ubicación de los aerogeneradores proyectados será la especificada en la siguiente tabla mediante coordenadas UTM (ETRS89 Huso 29N):

Nº AEROGENERADORES	X	Y	AYUNTAMIENTO
AE01	646.644	4.739.643	Becerreá
AE02	646.802	4.739.298	Becerreá
AE03	646.957	4.738.933	Becerreá
AE04	647.029	4.738.593	Triacastela
AE05	647.146	4.738.210	Triacastela
AE06	647.385	4.737.887	Triacastela
AE07	648.731	4.738.760	As Nogais
AE08	648.927	4.738.379	As Nogais
AE09	649.161	4.738.048	As Nogais
AE10	649.324	4.737.681	As Nogais
AE11	649.538	4.737.327	As Nogais
AE12	651.352	4.741.934	Becerreá
AE13	651.770	4.741.593	As Nogais
AE14	651.892	4.741.268	As Nogais

AE15	651.875	4.740.894	As Nogais
AE16	651.809	4.740.265	As Nogais
AE17	651.821	4.739.861	As Nogais
AE18	651.586	4.739.354	As Nogais
AE19	651.498	4.738.865	As Nogais

El órgano competente para resolver la autorización administrativa previa es la Dirección General de Política Energética y Minas del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico.

El proyecto del parque eólico Levante y su infraestructura de evacuación están sujetos a evaluación de impacto ambiental ordinaria, en virtud de lo definido en el artículo 7.1.a de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental. El órgano ambiental competente para emitir la declaración de impacto ambiental es la Dirección General Calidad y Evaluación Ambiental del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico.

De conformidad con lo previsto en el artículo 53.1.a de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre, la tramitación de ambos procedimientos (Autorización Administrativa Previa y Evaluación de Impacto Ambiental) se realizará de manera conjunta.

Corresponde al Área de Industria y Energía de la Delegación del Gobierno en Galicia la tramitación de ambos procedimientos. Con tal motivo, el Área es el órgano competente ante el que pueden presentarse las alegaciones que se estimen convenientes.

Lo anteriormente expuesto se hace público para conocimiento general, y especialmente de los interesados y afectados, para que pueda ser examinados el proyecto de las instalaciones y el estudio de impacto ambiental y obtener la información pertinente en el Área de Industria y Energía situada en la Delegación de Gobierno en Galicia, Plaza de Ourense, nº 11, A Coruña, C.P. 15003. Se podrán presentar, en dicho centro o en las formas previstas en el artículo 16 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, las alegaciones que se estimen convenientes en el plazo de 30 días hábiles a partir del siguiente al de la publicación del presente anuncio.

El artículo 14 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, confiere con carácter general a las personas físicas el derecho de elegir en todo momento si se comunican con las Administraciones Públicas para el ejercicio de sus derechos y obligaciones a través de medios electrónicos o no, salvo que estén obligadas a ello.

Por su parte, las personas jurídicas estarán obligadas, en todo caso, a relacionarse a través de medios electrónicos con las Administraciones Públicas para la realización de cualquier trámite de un procedimiento administrativo.

Para aquellos sujetos que no están obligados a relacionarse por medios electrónicos, la consulta presencial requerirá solicitar cita previa llamando al teléfono 981 98 95 59 o enviando un correo electrónico a industria.acoruna@correo.gob.es

El proyecto de las instalaciones y el estudio de impacto ambiental también podrán ser consultados a través del siguiente enlace:

<https://ssweb.seap.minhap.es/almacen/descarga/envio/46b4197abd4fd72eccce736e80f73f694dec33>

También se puede consultar en la sede electrónica de la Delegación del Gobierno en Galicia en "Procedimientos de información pública" dentro del apartado "Proyectos, Campañas e Información".

(https://www.mptfp.gob.es/portal/delegaciones_gobierno/delegaciones/galicia/proyectos-ci/INFORMACION_PUBLICA/INSTALACIONES_ELECTRICAS.html).

La documentación anterior también ha sido puesta a disposición de cada uno de los Ayuntamientos afectados.

A Coruña, 11 de abril de 2022.- El Director del Área de Industria y Energía, Javier Domínguez González.

R. 0903